




Area / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10817108JL	
Código de verificación  6D5E 1N39 4527 2071 15H7	Expediente 108/2021/2153	
	Data 09-08-2023	

Servizo de Recursos Humanos

ANUNCIO

Mediante Resolución do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 08 de agosto do 2023, acordouse:

Primeiro.- Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a superior de Economía (subgrupo A1), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 28/12/2021 (BOP núm. 249 do 31/12/2021) nos seguintes termos:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exercicio	Notas 2º exercicio	Notas 3º exercicio	Puntuación total
1º	Zorrilla Platas, Víctor Jesús	***6473**	20,60	22,50	15,00	58,10

Segundo.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Terceiro.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Manuel Ángel Jove Losada